

## Traballo para o luns 11 de maio

Correximos os ex. de lingua e repasamos os verbos  
. Vou preguntar

### LINGUA:

TEMA 12

#### O adverbio

Os adverbios son palabras invariables que expresan circunstancias de lugar, de tempo, de modo e de cantidade.

#### Clases de adverbios

Adverbios de lugar: *aquí, aí, alí, alá, preto, lonxe, enriba, debaixo, diante, detrás, fóra, dentro...*

Adverbios de tempo: *antes, agora, despois, onte, daquela, hoxe, mañá, axiña, cedo, tarde, decote, decontado, namentres, sempre, nunca, xamais...*

Adverbios de modo: *ben, mal, mellor, así, amodo, paseniño, devagar, adrede...*

Moitos adverbios de modo fórmanse engadíndolle a un adxectivo en feminino a terminación *-mente*:  
*estupendamente, felizmente, velozmente, facilmente, claramente...*

Adverbios de cantidade: *moito, bastante, abondo, pouco, máis, menos, nada...*

Adverbios de afirmación: *si, afobé, certamente, tamén...*

Adverbios de negación: *non, tampouco...*

Adverbios de dúbida: *quizais, posiblemente, acaso, talvez, disque, seica*

---

**1** Relaciona con letras cada pregunta cos dous adverbios que poderían servir como resposta.

- |                            |                                    |                          |          |                          |                |
|----------------------------|------------------------------------|--------------------------|----------|--------------------------|----------------|
| <input type="checkbox"/> A | Onde está a vosa casa?             | <input type="checkbox"/> | abofé    | <input type="checkbox"/> | estupendamente |
| <input type="checkbox"/> B | Que tal está ese libro que liches? | <input type="checkbox"/> | bastante | <input type="checkbox"/> | mañá           |
| <input type="checkbox"/> C | Cando vos mudades á casa nova?     | <input type="checkbox"/> | alí      | <input type="checkbox"/> | agora          |
| <input type="checkbox"/> D | Gústache o biscoito que fixemos?   | <input type="checkbox"/> | si       | <input type="checkbox"/> | preto          |
| <input type="checkbox"/> E | Canto che falta para acabar?       | <input type="checkbox"/> | ben      | <input type="checkbox"/> | pouco          |

**2** Clasifica os adverbios anteriores segundo a circunstancia que expresen.

Tempo	Lugar	Modo	Cantidade	Afirmación

**3** Arrodeia os adverbios que aparecen nestas oracións e indica en cada caso de que tipo son.

- A nós tampouco nos deu tempo a rematar o traballo.      ► \_\_\_\_\_
- A Vítor e a Sara gústalles erguerse cedo.      ► \_\_\_\_\_
- As instrucións explican claramente como funciona o aparello.      ► \_\_\_\_\_
- Á bicicleta saqueille máis proveito do que pensaba.      ► \_\_\_\_\_

**EX.DE SNAPPET**